



# XOVES

## I+D+i

Estimados/as amigos/as:

O Consello da Xunta de Galicia desta mañá aprobou a **ampliación de crédito de 25 a 40 millóns de euros do contrato para atraer a un ou máis socios tecnolóxicos ao Parque Tecnolóxico e Industrial de avións non tripulados**. Este incremento en máis dun 60% respecto do investimento inicialmente previsto por parte da Xunta de Galicia débese a que a proposta mellor valorada das catro finalistas é unha oferta conxunta de dúas candidatas. Cumprido este trámite, a administración ten vía libre para establecer o acordo de asociación coas empresas seleccionadas e pór fin a un **proceso de licitación pioneiro en Europa** que arrincou hai menos dun ano, en xuño de 2015.

En total, o investimento público-privado nesta iniciativa superará os **115 millóns de euros** e estímase que se crearán **600 postos de traballo directos e indirectos**.

Ademais, con esta asociación cúmprense os obxectivos da **Civil UAVs Initiative**, marco no que se encadra esta contratación como son: a **atracción de investimento privado cara Galicia**, a creación dun **polo de referencia a nivel mundial** no ámbito dos sistemas aéreos non tripulados (UAVs nas súas siglas en inglés) de uso civil, o **desenvolvemento de tecnoloxía** para mellorar a prestación de servizos públicos, o **desenvolvemento dun tecido industrial** arredor deste sector en Galicia, a comercialización a nivel mundial de **produtos deseñados e fabricados en Galicia** coa colaboración de **empresas e centros de investigación galegos** e o compromiso de permanencia no noso territorio.

En concreto, cabe resaltar que as solucións aportadas polas

empresas gañadoras permitirán cubrir o **100%** dos retos plantexados pola Xunta de Galicia no eido da mellora na prestación de determinados servizos públicos, entre os que figuran a prevención e extinción de incendios, o salvamento marítimo, o inventariado e a xestión intelixente do territorio, o control do furtivismo, a xestión da biomasa, a vixilancia costeira e a xestión eficiente de emerxencias e fluxos turísticos.

Igualmente, o coñecemento obtido situará a Galicia con vantaxe no desenvolvemento e fabricación de tecnoloxía exportable a nivel mundial, xerando as condicións necesarias para fabricar en Galicia **modelos pioneiros de UAVs cun alto potencial de mercado.**

Esta iniciativa enmárcase no **reto 2 da Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia**, que pretende transformar o modelo industrial galego incrementando a súa competitividade, entre outras vías a través da diversificación dos sectores industriais tractores cara sectores de alta tecnoloxía como a aeronáutica.

Para máis información, pode consultar a **referencia do Consello da Xunta**, a **nova** coa comparecencia do Presidente ou a **páxina web da iniciativa.**

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos ata o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí . Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a [informa.gain@xunta.es](mailto:informa.gain@xunta.es).